

MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, CONCELEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na sesión ORDINARIA celebrada o día vinte e dous de novembro de dous mil dezasete, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:


33/730 CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PEZAS DE VESTIARIO DE UNIFORME PARA A POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE LUGO DO ANO 2017. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN. EXPTE. REF. 42-2017.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 16 de outubro de 2017 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

- I.- Prego de prescricións técnicas para a contratación da subministración de pezas de vestiario do uniforme da Policía Local do Concello de Lugo elaborado polo xefe da Policía Local o 14 de setembro de 2017.
- II.- Certificación da Tesourería Municipal do día 18 de setembro de 2017, no que se pon de manifesto a existencia de crédito orzamentario na aplicación 13200.22104 do vixente Orzamento municipal de 2017 por importe de 49.821,75 euros.
- IV.- Prego de cláusulas administrativas que rexerán a contratación de referencia elaborado polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento en data 10 de outubro de 2017.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos Servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.



ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x500330730

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2017

- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Este contrato debe ser cualificado como un **contrato de subministración** recollido e regulado no artigo 9 do TRLCSP que ten por obxecto a subministración de pezas de vestiario do uniforme da Policía Local do Concello de Lugo.

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no TRLCSP e no RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o **aberto**, de acordo co previsto nos artigos 138 e seguintes do TRLCSP.

Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola LCSP sendo preponderantes os criterios avaliábeis mediante fórmulas aritméticas e de xeito automático.

Terceira. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, e a normativa específica de aplicación.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.ª LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilma. Sra. D.ª ANA PRIETO NIETO, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Economía, Emprego e Desenvolvemento Económico (GMS); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Medio Rural e Deportes (GMS); Ilma. Sra. D.ª MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilma. Sra. D.ª ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Goberno de Benestar Social, Igualdade e Inclusión (GMS); Ilmo. Sr. D. XOSÉ DANIEL PIÑEIRO VILLARES, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Desenvolvemento Sostible e Persoal (GMS) e o Ilmo. Sr. D. MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno de Educación e Infraestruturas Urbanas, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PEZAS DE VESTIARIO DE UNIFORME PARA A POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE LUGO DO ANO 2017.**

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e o prego de prescricións técnicas que rexerán na licitación dos traballos sinalados no parágrafo anterior, que, remitidos polo Servizo de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento a continuación e literalmente se transcriben

“PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PEZAS DE VESTIARIO DE UNIFORME PARA A POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE LUGO. EXPTE. REF. 42-2017.

- **CLÁUSULA PRIMEIRA.** OBXECTO DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA SEGUNDA.** NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA TERCEIRA.** PRAZOS DE ENTREGA. DURACIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA CUARTA.** PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO.
- **CLÁUSULA QUINTA.** PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.
- **CLÁUSULA SEXTA.** CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA.
- **CLÁUSULA SÉTIMA.** GARANTÍAS.
- **CLÁUSULA OITAVA.** ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA NOVENA.** PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA DÉCIMA.** DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.
- **CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA.** MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓNS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA.** CRITERIOS DE AVALIACIÓN. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN.
- **CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA.** ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA.** FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA.** EXECUCIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA.** GASTOS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA.** CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS. CONDICIÓN ESPECIAIS DE EXECUCIÓN CON CARÁCTER DE OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS.
- **CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA.** RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x500330730

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2017

- **CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA.-** RECEPCIÓN. LUGAR E PRAZO DE ENTREGA. GARANTÍA. PRAZO DE GARANTÍA.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMA.** PAGAMENTO.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA.** PENALIDADES.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA.** EXTINCIÓN DO CONTRATO.
- **CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA** RÉXIME DE RECURSOS.
- **ANEXO I.** DOCUMENTACIÓN GABINETE DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.
- **ANEXO II.** DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRICIÓN REXISTRAL.
- **ANEXO III.** MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores).
- **ANEXO IV.** DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGAIS E CONTRACTUALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO.
- **ANEXO V.** MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA Á OBRIGA DE TER TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE EN PLANTILLA.
- **ANEXO A.** PRESENTACIÓN DE PLICAS.

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO.

É obxecto deste contrato a adquisición de pezas de vestiario de uniforme para a Policía Local do Concello de Lugo segundo as características sinaladas no prego de prescricións técnicas elaborado polo xefe da Policía Local don Manuel Méndez Novo en data 14 de setembro de 2017.

CPV 18115200-0 Uniformes de policía.

Con este contrato satisfácese a necesidade de que os policías locais do Concello de Lugo conten cun equipamento adecuado para a realización das súas funcións e co cumprimento da normativa establecida.

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Trátase dun contrato de subministración, recollido e regulado no artigo 9 do Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP) e que ten por obxecto a adquisición de pezas de vestiario de uniforme para a Policía Local do Concello de Lugo segundo as características sinaladas no prego de prescricións técnicas elaborado polo xefe da Policía Local don Manuel Méndez Novo en data 14 de setembro de 2017.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Real Decreto 817/2009 do 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos Servizos de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos. Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. PRAZOS DE ENTREGA. DURACIÓN DO CONTRATO.

O prazo de subministración da totalidade das pezas de vestuario de uniforme será o seguinte:

Para a toma do talle de cada policía local un máximo de dez días naturais dende a data de formalización do contrato de conformidade coa cláusula 6ª do prego de prescricións técnicas.

Para a entrega das pezas fíxase un prazo máximo de 30 días naturais dende a petición correspondente, unha vez realizada a comprobación da talla, todo elo sen prexuízo da redución do prazo ofertado polo adxudicatario.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO. VALOR ESTIMADO.

O prezo do contrato e o seu valor estimado é de 41.175 euros, polo que aplicado o 21% IVE (8.646,75 euros) resulta un prezo de licitación de 49.821,75 euros.

Non obstante o prezo do contrato será o ofertado polos licitadores nas súas ofertas. Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación orzamentaria 13200.22104 do orzamento xeral de 2017 (RC 91276/17).

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x500330730

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2017

Este contrato adjudicarase polo procedemento **aberto**, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursoas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 54 e seguintes do TRLCSP e conforme o establecido na cláusula seguinte destes pregos de cláusulas administrativas.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adjudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato.

Poderán así mesmo, presentar proposicións as **UNIÓNS DE EMPRESARIOS** que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, debendo indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato posuirá a plena representación ante a administración e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da Unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA. CRITERIOS DE SOLVENCIA TÉCNICA.

6.1.- A xustificación da **solvencia económica e financeira** poderá acreditarse mediante algún dos seguinte medios:

Co **volumen anual de negocios** (cifra de negocios por importe neto que se reflicta na conta de perdas e ganancias da conta anual) referido ao ano de maior volume de negocio dos últimos tres anos anteriores á licitación deste contrato por **importe igual ou superior a 60.000 euros IVE excluído**.

Para a acreditación deste volumen anual de negocios achegaranse as **contas anuais do ano de maior volume de negocio aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil ou oficial que corresponda mediante a certificación, nota simple ou información análoga expedida polo Rexistro** e que conteña as contas anuais, sempre que estea vencido o prazo de presentación e se atopen depositadas; se o último exercizo se atopase pendente de depósito, deben achegarse acompañadas da certificación da súa aprobación polo órgano competente para isto e da súa presentación no Rexistro.

Os empresarios individuais non inscritos acreditarán o volumen anual de negocio por medio dos libros de inventarios e contas anuais legalizadas polo Rexistro Mercantil.

- Co **Patrimonio neto positivo ou ben ratio entre activos e pasivos** ao peche do último exercizo económico para o que estea vencida a obriga de aprobación de contas anuais **por importe superior á unidade**. Non obstante as sociedades deberán superar o importe establecido na lexislación mercantil para non incorrer en causa de disolución.

6.2 A **solvencia técnica** deberá ser xustificada mediante a acreditación de experiencia na realización de contratos de subministracións de uniformidade de Policía Local por un importe anual acumulado no ano de maior execución durante os derradeiros cinco anos que sexa igual ou superior a **28.000 euros IVE excluído**. Para a súa acreditación achegarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva das subministracións realizados, descrición de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización. Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento.

SÉTIMA.- GARANTÍAS.

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis vantaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recíbese o requirimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. ANUNCIO DE LICITACIÓN E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es).

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x500330730

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2017

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. Durante este prazo de licitación as empresas licitadoras poderán examinar mostras das pezas a subministrar nas dependencias da Policía Local.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS.

As empresas presentarán a súa proposición mediante **unha instancia ou escrito conforme ao modelo de ANEXO A “PRESENTACIÓN DE PLICAS” que se achega ao final deste prego e que se acompañará de TRES sobros pechados**, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, DNI/NIF, dirección, teléfono, correo electrónico e fax para os efectos de notificacións. Ditos sobros denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, letra B, PROPOSTA TÉCNICA (SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR) e letra C OFERTA ECONÓMICA (SUXEITA A CRITERIOS AVALIABLES AUTOMATICAMENTE).

EN TÓDOLOS SOBRES IDENTIFICARASE O NÚMERO DE EXPEDIENTE: EXPTE. REF. 42-2017.

Os sobros de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en día inhábil prorrogarase ó seguinte día hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Tamén poderá anunciarse por correo electrónico, neste caso o envío do anuncio por correo electrónico só será válido si existe constancia da transmisión e recepción, das súas datas e do contido íntegro das comunicacións e se identifica fidedignamente ao remitente e ao destinatario. Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos (xustificación do envío e anuncio), non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

O sobre A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA - conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI.

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

- Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.

- Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o bastanteo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas.

3.- **Declaración responsable (conforme o modelo do Anexo III)** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar así mesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Adverteselles aos licitadores que a comprobación de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias co Concello de Lugo – referido ao momento de presentación de ofertas - realizarase de oficio polo que, de acreditarse a existencia de débedas co Concello, esta circunstancia suporá unha falsidade na súa declaración responsable que impedirá realizar a adxudicación ao seu favor por atoparse en prohibición para contratar.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

4.- **Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.**

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Legislativo

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x500330730

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2017

2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto.

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste último requisito, na declaración responsable do ANEXO II deste prego de cláusulas administrativas que deberá achegar coa certificación que se menciona nos parágrafos seguintes, inclúese un apartado a estes efectos.**

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflita a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO II) no que se manifeste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar -no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado- a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acredita-la

súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma substancialmente análoga. Exceptúase deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (art. 55 do TRLCSP).

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 146.4 DO TRLCSP, OS LICITADORES PODERÁN SUBSTITUÍR A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN RELACIONADA ANTERIORMENTE (APARTADOS 1 A 6) DENTRO DO SOBRE A UNICAMENTE POR UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE INDICANDO QUE CUMPRE TÓDALAS CONDICIÓN ESTABLECIDAS LEGALMENTE PARA CONTRATAR COA ADMINISTRACIÓN CONFORME O MODELO DO ANEXO IV DESTES PREGOS.

7.- Os licitadores virán obrigados a informar o **convenio colectivo que será de aplicación aos traballadores vinculados ao contrato** no caso de resultar adxudicatarios, así como a obriga de facilitar canta información sexa requirida sobre as condicións de traballo aplicadas efectivamente aos mesmos (**incluído no modelo do ANEXO IV**).

8.- Declaración responsable (**conforme modelo do ANEXO V ou incluída no Anexo IV**) pola que, de resultar adxudicatarios -e para o caso de que o número de traballadores en plantilla iguale ou supere a cifra de 50- obríganse a cumprir e acreditar, ante o órgano de contratación, o cumprimento da obriga sinalada no artigo 42 do Real Decreto Lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán achegar xunto con esta declaración responsable unha copia

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x500330730

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2017

da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto.

Nesta declaración farase constar que se asume o compromiso de acreditar o cumprimento desta obriga durante toda a vixencia do contrato cando sexa requirido polo responsable do contrato.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída dentro do sobre B ou sobre C dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición por vulnerar os principios de discriminación e igualdade de trato.

O sobre B – PROPOSTA TÉCNICA (RELATIVA A CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES AUTOMATICAMENTE).

Dentro deste sobre B presentarán exclusivamente a documentación necesaria para proceder á valoración da súa oferta conforme os criterios de adxudicación non avaliáveis automaticamente que se sinalan na cláusula décimo segunda (apartado 12.2) – **Mellora da calidade do material a subministrar.**

XUNTO CO SOBRE B PRESENTARASE EN CAIXA OU ENVOLTORIO PECHADO UNHA MOSTRA DE CADA UNHA DAS PEZA A SUBMINISTRAR XUNTO COA CORRESPONDENTE CERTIFICACIÓN OU INFORME ONDE SE REFLECTA AS CARACTERÍSTICAS DO TECIDO DE CADA PRENDA.

A FALTA DE PRESENTACIÓN DAS MOSTRAS IMPLICARÁ A EXCLUSIÓN DO PROCEDEMENTO.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre C dentro deste sobre B implicará automaticamente o rexeitamento da proposición por vulnerar os principios de discriminación e igualdade de trato.

O sobre C, OFERTA ECONÓMICA (RELATIVA A CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES AUTOMATICAMENTE) conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI nº, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou NIF nº), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PEZAS DE VESTIARIO DE UNIFORME PARA A POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE LUGO. EXPTE REF. 42-2017.**

b) Propón como **prezo do contrato:**

- Prezo sen IVE: euros.

- 21% IVE: euros.

- Prezo total con IVE: euros.

c) Un **prazo de entrega** das pezas de días naturais unha vez recibido o pedido por parte do Concello trala comprobación de talla.

d) Unhas **melloras** consistentes na entrega sen custo de maiores pezas de vestuario e complementos por un importe total de euros IVE incluído.

* Achegarase relación de pezas e complementos debidamente valorada conforme ao detalle de prezos aportado.

e) Que acepto que tódalas notificacións e comunicacións relacionadas con esta contratación, tanto no procedemento de licitación como durante a execución do contrato no caso de resultar adxudicatario, se realicen no **seguinte enderezo de correo electrónico:** _____.

f) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, se é o caso.

g) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

Dentro deste SOBRE C a empresa deberá presentar a correspondente RELACIÓN DETALLADA cos prezos unitarios IVE incluído para cada tipo de peza. A ausencia desta relación detallada implicará a exclusión do procedemento.

A suma dos prezos unitarios polo número de pezas indicadas no prego técnico non poderá superar o prezo total ofertado. En caso de contradición procederase á exclusión do licitador.

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓNS.

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada polos seguintes membros:

PRESIDENTE: Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello ou funcionario/a do servizo que o substitúa.

VOCAIS:

- O xefe da Policía Local ou funcionario que o substitúa.
- O Secretario Xeral do Pleno ou funcionario/a que o substitúa.
- A titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local (Vicesecretaria) ou funcionario/a que a substitúa.
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa.
- O titular da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que o substitúa.

SECRETARIO: Técnico/a do servizo de contratación, patrimonio e fomento do Concello.

O acto de apertura das propostas técnicas (sobre B) celebrarase ó **terceiro día hábil** contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, as 13:00 h. agás modificación publicada con antelación no Perfil do contratante, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B e a proposta de puntuación obtida polos licitadores, convocarase a estes para o acto público de apertura de ofertas económicas (sobre C), tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x500330730

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2017

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN. PREFERENCIA NA ADXUDICACIÓN.

Os criterios para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente mais vantaxosa serán os seguintes, os cales se sinalan por orde decrecente de importancia e ponderación:

12.1.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES AUTOMATICAMENTE MEDIANTE APLICACIÓN DE FÓRMULAS:

- Menor prezo ofertado en global para a totalidade da subministración: Máximo 5 puntos.

As ofertas que igualen o prezo de licitación serán valoradas con 0 puntos, as que oferten o prezo máis baixo con 5 puntos e as restantes de xeito directamente proporcional.

- Menor prazo de entrega (a oferta de prazo de entrega realizarase en días naturais enteiros): Máximo 1 punto.

Os que oferten o menor prazo de entrega serán valorados con 1 punto, os que non oferten redución do prazo con 0 puntos, e o resto de xeito directamente proporcional.

- Melloras: Máximo 1 punto.

Valorarase neste apartado exclusivamente a oferta de pezas de vestiario ou complementos sen custo para o Concello a maiores das esixidas para este contrato. O licitador deberá indicar na súa oferta o importe económico desta mellora e a relación de pezas e complementos que oferta e os seus prezos unitarios. O responsable do contrato poderá variar as pezas e complementos ofertados que se oferte na relación por outras pezas ou complementos policiais que figuren no Anexo do prego sempre que non supere o custo máximo da mellora ofertado.

Obterá a máxima puntuación os que oferten maior importe económico, 0 puntos os que non oferten estas melloras e o resto de xeito directamente proporcional.

A execución destas melloras está directamente relacionada coa execución da totalidade do contrato, de xeito que a redución do número de pezas realmente subministradas suporá a redución proporcional do importe económico da mellora.

12.2.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES AUTOMATICAMENTE (MEDIANTE XUÍZO DE VALOR).

- Mellora da calidade do material subministrado: Máximo 3 puntos.

Valorarase neste apartado o incremento da calidade dos materiais ou das técnicas das confeccións realizadas que supoñan melloras na ergonomía ou durabilidade das pezas sempre que cumpran os requisitos técnicos mínimos esixidos no prego de prescricións técnicas.

Obterán a máxima puntuación as ofertas que no seu conxunto e superando os mínimos esixidos sexan de maior calidade, 0 puntos os que non melloren os requisitos mínimos e as demais conforme o informe motivado do responsable do contrato.

12.3.- PREFERENCIA EN CASO DE EMPATE:

En aplicación do establecido na disposición adicional cuarta do TRLCSP, establécese a **preferencia na adxudicación** deste contrato para as proposicións presentadas por empresas públicas ou privadas que no momento de acreditar a súa solvencia técnica teñan na súa plantilla un número de traballadores con discapacidade superior ao 2%, sempre que as ditas proposicións igualem nos seus termos ás máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios que sirvan de base para a adxudicación.

Se varias empresas licitadoras das que tivesen empatado en canto á proposición mais vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 %, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade na súa plantilla.

Asimesmo e de manterse a igualdade terán preferencia na adxudicación deste contrato, en igualdade de condicións coas que sexan economicamente máis vantaxosas, as proposicións presentadas por empresas dedicadas especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social. Igualmente, resultarán aplicables os criterios establecidos na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO.

A adxudicación dos contratos será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente máis vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente as certificacións acreditativas de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De conformidade co artigo 146.4 do TRLCSP, o órgano de contratación requirirá ó licitador seleccionado para que, con anterioridade á adopción da proposta de adxudicación e para o caso de que non se presentase a documentación administrativa (apartados 1 a 6 da cláusula décima) dentro do sobre A, achegue a documentación acreditativa do cumprimento das condicións esixidas para ser adxudicatario do contrato.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar co Concello de Lugo será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x500330730

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2017

mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará os contratos dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato.

O órgano de contratación poderá renunciar á celebración do contrato así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 155 do TRLCSP.

DÉCIMO CUARTA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo máximo de quince días hábiles a contar dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que se é o caso houberese esixido.

Antes da formalización do contrato a empresa adxudicataria deberá achegar xustificante de aboamento dos gastos de anuncios e do importe dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste, dera ó contratista o responsable do contrato (o Xefe da Policía Local) o cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP. Cando as instrucións fosen de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

O responsable municipal do contrato deberá corrixir inmediatamente calquera incidencia ou desviación na execución que poida supoñer infracción das anteditas regras propoñendo e instruindo, se fose o caso, o oportuno expediente, por incumprimento contractual, de imposición de penalidades ou de resolución do contrato.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP.

5.- Os gastos que se deriven dos embalaxes, portes, certificados, etc... serán por conta do adxudicatario.

DÉCIMO SEXTA. GASTOS.

Os gastos de anuncios de licitación serán por conta dos contratistas (o importe indícase no propio anuncio), así como os que se deriven dos embalaxes, portes, certificados, etc.

Encontrarase, así mesmo, obrigado ao pagamento de tódolos xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, sendo da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO SÉTIMA.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS. OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN CON CARÁCTER DE OBRIGAS CONTRACTUAIS ESENCIAIS.

17.1.- O/os contratista/s están obrigados a **cumprir as obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social** e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes. As obrigas establecidas neste parágrafo configúranse como **condicións especiais de execución ás que se lles atribúe carácter de obrigas contractuais esenciais de conformidade co artigo 118, podendo dar lugar o seu incumprimento á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.**

Para o cumprimento desta obriga deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimesmo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato non escusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

17.2.- Para o **cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais** así como do RD 171/2004, 30 de xaneiro, en materia de coordinación de actividades empresariais, deberá achegar para a súa remisión ao

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x500330730

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2017

Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello de Lugo con carácter previo ao inicio da prestación de que se trate, a seguinte documentación:

- Documento que acredite que dispón dunha modalidade preventiva conforme ao indicado no capítulo III do RD 39/1997 (e que se atope ao corrente de pagos no suposto de optar por un Servizo de Prevención Alleo ou Mancomunado.
 - Avaliación de riscos segundo o indicado no Capítulo II do RD 39/1997 para os servizos contratados (preferiblemente en formato PDF).
 - A planificación a súa actividade preventiva segundo o indicado no Capítulo II do RD 39/1997.
 - Listaxe sobre os riscos específicos das actividades que podan afectar aos traballadores do Concello e doutras empresas.
 - Relación de traballadores que acudirán ás instalacións do Concello.
 - Achegar certificados de formación respecto dos traballadores que vaian prestar os seus servizos nos centros do Concello tal e como se establece no artigo 19 da Lei 31/1995.
 - Achegar documento que xustifique que se cumpren coas obrigas de información respecto dos traballadores que vaian prestar os seus servizos nos centros de traballo do Concello.
 - Documento que certifique que proporciona aos seus traballadores os EPIs axeitados para o desempeño dos traballos contratados.
 - Documento que certifique que se garante aos traballadores que vaian prestar os seus servizos en centros do Concello a vixilancia periódica do seu estado de saúde en función dos riscos inherentes ao posto de traballo, de non ser necesario documento que acredite a renuncia ao mesmo.
 - Comunicación ao Concello en caso de que se produzan sobre os accidentes de traballo que se produzan como consecuencia dos riscos das actividades concorrentes.
 - Comunicación ao Concello de toda situación de emerxencia susceptible de afectar á saúde ou á seguridade dos traballadores das empresas presentes no centro de traballo.
 - Cumprimentar declaración expresa responsable, se é o caso, de que teñen establecido os medios de coordinación necesarios.
 - Actas de nomeamento do Recurso Preventivo para os traballos de especial perigosidade contemplados na normativa de Prevención de Riscos Laborais.
 - Declaración CE de Conformidade os equipos a utilizar o na súa ausencia certificado de adecuación ao RD 1215/1997, se procede.
 - ITV dos vehículos a utilizar se procede.
- Toda a documentación arriba indicada non sería de aplicación no caso de autónomos sen traballadores por conta allea ao seu cargo.
No caso de autónomos sen traballadores por conta allea ao seu cargo, deberán achegar a seguinte documentación:
- NIF do autónomo.
 - Xustificante de pagamento á seguridade social por parte do autónomo.
 - Informe dos riscos e as medidas preventivas do posto de traballo que vai desempeñar nos centros de traballo do Concello.

No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. O non mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase **ANEXO I** ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por él non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

O persoal propio da empresa adjudicatario non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

17.3.- O/os contratista/s adjudicatario deberá acreditar, cando sexa requirido polo responsable do contrato, o **cumprimento da obriga sinalada no artigo 42 do Real Decreto Legislativo 1/2013 de 29 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral de dereitos das persoas con discapacidade** e da súa inclusión social que esixe ás empresas con 50 ou máis traballadores ao cumprimento da obriga de ter empregados, durante a vixencia do contrato, traballadores con discapacidade nun 2%, polo menos, da plantilla da empresa.

En caso de ser requirido, a empresa achegará un certificado no que conste o número de traballadores en plantilla e a porcentaxe de traballadores con discapacidade podendo ser requirido para a presentación doutra documental a maiores que se estime necesaria para comprobar o cumprimento desta obriga.

A obriga establecida neste parágrafo configúrase como **condición especial de execución á que se lle atribúe carácter de obriga contractual esencial de conformidade co artigo 118 cuxo incumprimento poderá dar lugar á resolución do contrato ou á imposición de penalidades.**

DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS.

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ao Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente ao presente prego, ao de prescricións técnicas e demais aspectos contractuais, así como o previsto no TRLCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adjudicatario non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ao contrato, presentarase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.

Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x500330730

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2017

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sixilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades que o obxecto da contratación.

DÉCIMO NOVENA.- RECEPCIÓN. LUGAR E PRAZO DE ENTREGA. GARANTÍA. PRAZO DE GARANTÍA.

O adxudicatario deberá entregar as pezas obxecto do subministro na sede actual da Policía Local na Rúa das Artes 33-35 en Lugo.

Os gastos de entrega e transporte dos bens obxecto do subministro ó lugar indicado serán de conta do contratista.

O adxudicatario deberá entregar os bens dentro do prazo de execución establecido na cláusula terceira deste prego de cláusulas administrativas e conforme a 5ª e 6ª do prego técnico. A tal efecto deberá comunicar por escrito (mediante fax) ó responsable do servizo cunha antelación mínima de 48 horas o día e hora e lugar de entrega, non sendo responsable o concello dos vicios ou defectos que tiveran os bens motivada pola entrega dos mesmos sen previo aviso.

A mora do adxudicatario non precisará de previa intimación por parte do Concello. O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarias ou prexuízos ocasionados ós bens antes da súa entrega ó Concello.

No momento da entrega levantarase a correspondente acta de recepción. Se os bens non estivesen en estado de ser recibidos farase constar así na acta e daranse as instrucións oportunas ó contratista para que subsane os defectos observados ou se proceda a un novo subministro de conformidade co pactado.

Establecese un prazo mínimo de garantía de UN ANO contado a partir da data de recepción do subministro. Durante este prazo o adxudicatario está obrigado a substituír, corrixir ou reparar as pezas ou elementos que presenten defectos de fabricación. Rematado este prazo o empresario quedará exento de responsabilidade e lle será devolta a garantía.

VIXÉSIMA. PAGAMENTO.

O pagamento efectuarase contra factura, unha vez efectuados os controis regulamentarios e conformadas pola responsable do contrato e maila Concelleira Delegada da Área Xestora.

As facturas deberán ter un formato electrónico e presentarse a través do Punto Xeral de Entrada das Facturas Electrónicas dirixidas a este Excmo. Concello de Lugo configurado na plataforma electrónica "FACE: Punto General de Entrada de Facturas electrónicas", da Secretaría de Estado das Administracións Públicas, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Os códigos asinados ó Concello de Lugo e que deberán terse en conta para a emisión da factura son os seguintes:

Oficina Contable: L01270288 Excmo. Concello de Lugo.

Órgano Xestor: LA0005478 Alcaldía

Unidade Tramitadora: LA0005493 Policía Local

VIXÉSIMO PRIMEIRA. PENALIDADES.

20

Impoñeranse penalidades ós contratistas cando incorra nalguna das causas previstas a continuación:

a) **Por incumprimento das condicións especiais de execución.** O incumprimento das condicións especiais de execución e obrigas contractuais establecidas na **cláusula décimo sétima que se configuran como obrigas contractuais esenciais** poderá dar lugar á imposición de penalidades cando esta medida alternativa á resolución do contrato contribúa a satisfacer en maior medida o interese público ou de protección dos traballadores permitindo a continuación da execución do contrato.

Como regra xeral, a contía da penalidade será do 1% do importe de adjudicación do contrato (IVE incluído) para a primeira anualidade, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderán alcanzar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento ou desobediencia ás instrucións poderá terse en conta para avaliar a gravidade.

O cumprimento polo adxudicatario das condicións especiais de execución poderá verificarse polo órgano de contratación en calquera momento durante a execución do contrato e, en todo caso, comprobarase ó tempo da terminación do contrato.

b) **Penalidades especiais por incumprimentos contractuais e incumprimento de prazos.**

De conformidade co artigo 212 do TRLCSP o **incumprimento defectuoso do contrato dará lugar á imposición de penalidade.** Entendese por incumprimento defectuoso o incumprimento ou defectuosa execución das obrigas sinaladas no prego de prescricións técnicas así como o incumprimento dos prazos de execución do contrato establecido nestes pregos ou no ofertado, se é o caso.

De conformidade co artigo 212 do TRLCSP o **incumprimento defectuoso** do contrato poderá dar lugar á imposición de penalidades, sendo o seu importe do 1% do importe de adjudicación do contrato IVE excluído, agás que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, podendo neste caso acadar ata un 5% ou ata o máximo legal do 10%, respectivamente. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

Por cada día de retraso na entrega, por causas imputable ó contratista, impoñerase unha penalidade diaria que consistirá nun 1% do prezo da/s prenda/s deixadas de entregar en prazo excluído o IVE.

Esta mesma penalidade aplicarase no caso de incumprimento dos prazos para toma de talla e arranxos e substitucións de prendas non recibidas de conformidade, todo elo de conformidade coa cláusula 6º e 7ª do prego de condicións técnicas.

En todo caso, a imposición das penalidades non eximirá ó contratista da obriga que legalmente lle incumbe en canto á reparación dos defectos.

As penalidades faranse efectivas mediante deducción das cantidades que deban aboarse ó contratista ou sobre a garantía definitiva cando non podan deducirse da factura correspondentes.

No procedemento que se tramite ao efecto darase audiencia ó contratista, practicarase a información e proba necesaria para a xustificación dos feitos e observaranse as garantías xurídico-administrativas prescritas pola Lei 30/1992 do

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x500330730

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2017

Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no que resulte aplicable.

A resolución do expediente será competencia do órgano de contratación.

VIXÉSIMO SEGUNDA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308 do TRLCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do contrato establecidas no prego de prescricións técnicas que terán o carácter de obrigas contractuais esenciais.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Os efectos do artigo 223.f) do TRLCSP considéranse **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar á resolución do contrato as sinaladas na cláusula décimo sétima destes pregos.

A los efectos del artículo 223.h) do TRLCSP faise constar que a falta de pagamento a provedores e subcontratistas para a execución desta obra poderá dar lugar á resolución deste contrato.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumprimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen prexuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e prexuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva

VIXÉSIMO TERCEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS.

Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

ANEXO I

DOCUMENTACIÓN GABINETE DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

DATOS:

EMPRESA:	
-----------------	--

ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSONA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX.:	

MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA

1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA			
NOME:			
ENDEREZO:			
LOCALIDADE:		PROVINCIA:	
PERSONA DE CONTACTO:			
TELÉFONO:		FAX:	
ESPECIALIDADES CONTRATADAS:			
PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO:			

* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE REALIZOUSE A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.

2º COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO

* Xuntar a acta de Constitución.

3º TRABALLADOR DESIGNADO

Nome e Apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

D.N.I.:

SINATURA:
DATA:

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REXISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL.

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PEZAS DE VESTIARIO DE UNIFORME PARA A POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE LUGO. EXPTE REF. 42-2017** declaro baixo a miña responsabilidade:

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ao Rexistro con data, manténdose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ao corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En, a de de 2017.

Asdo.:

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores).

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PEZAS DE VESTIARIO DE UNIFORME PARA A POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE LUGO. EXPTE REF. 42-2017** declaro baixo a miña responsabilidade:

Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar

co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ao corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimesmo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....
(Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO IV

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS LEGAIS E CONTRACTUALMENTE ESTABLECIDAS PARA PODER CONTRATAR CO CONCELLO DE LUGO.

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa.....con CIF, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PEZAS DE VESTIARIO DE UNIFORME PARA A POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE LUGO. EXPTE REF. 42-2017 declaro baixo a miña responsabilidade:**

1º.- Que o asinante desta declaración como representante da empresa así como a compañía mercantil á que represento reúne tódolos requisitos legalmente establecidos para poder contratar co Concello de Lugo o servizo de referencia, en particular o cumprimento dos requisitos de capacidade e solvencia económica e técnica esixibles na Lei* e no prego de cláusulas administrativas para poder ser adxudicatario do contrato de referencia.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x500330730

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2017

** En caso de basearse a solvencia en capacidade doutras empresas (integración da solvencia por medios externos) deberá identificar a dita entidade.*

2º.- Que o asinante desta declaración como a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

3º.- Que a empresa se atopa ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ao corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

4º.- Que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, Lei 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interese dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

5º.- Que o asinante desta declaración, a compañía mercantil á que represento e os administradores e representantes da mesma non interviñeron en negociación e/ou acordo algún para falsear a competencia e que non ten coñecemento da existencia dun posible conflito de intereses debido a súa participación neste procedemento de contratación

6º.- Que o convenio colectivo que será de aplicación aos traballadores vinculados ao contrato no caso de resultar adxudicatario será o seguinte:
....., así mesmo, comprométese a facilitar tanta información sexa requirida sobre as condicións de traballo aplicadas efectivamente aos mesmos.

7º.- Que asumo durante a vixencia do contrato a obriga de ter empregados traballadores discapacitados nun 2 por 100 polo menos da plantilla da empresa, se ésta acada un número de 50 ou máis traballadores, de acordo co artigo 38.1 da Lei 13/1982, de 7 de abril, de Integración Social de Minusválidos ou a obriga de adoptar as medidas alternativas establecidas no R.D. 364/2005, de 8 de abril. (No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán achegar xunto con esta declaración responsable unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto.) e que acreditarei o cumprimento da dita obriga cando sexa requirido para elo e en calquera momento durante a vixencia do contrato, mesmo antes da devolución da garantía definitiva.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ao órgano de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

..... de..... de.....
 (Lugar, data e sinatura do licitador)

ANEXO V

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA Á OBRIGA DE TER TRABALLADORES/AS CON DISCAPACIDADE EN PLANTILLA.

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PEZAS DE VESTIARIO DE UNIFORME PARA A POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE LUGO. EXPTE REF. 42-2017 declaro baixo a miña responsabilidade:**

1º.- Que asumo durante a vixencia do contrato a obriga de ter empregados traballadores discapacitados nun 2 por 100 polo menos da plantilla da empresa, se ésta acada un número de 50 ou máis traballadores, de acordo co artigo 38.1 da Lei 13/1982, de 7 de abril, de Integración Social de Minusválidos ou a obriga de adoptar as medidas alternativas establecidas no R.D. 364/2005, de 8 de abril.*

** No caso de ter optado polo cumprimento das medidas alternativas deberán achegar xunto con esta declaración responsable unha copia da declaración de excepcionalidade e unha declaración do licitador das medidas concretas aplicadas a tal efecto.*

2º.- Que acreditarei o cumprimento da dita obriga cando sexa requirido para elo e en calquera momento durante a vixencia do contrato, mesmo antes da devolución da garantía definitiva.

..... de..... de.....
 (Lugar, data e sinatura do licitador)

 Concello de Lugo	
ANEXO A "PRESENTACIÓN DE PLICAS"	
DATOS DO LICITADOR	
NOME DA EMPRESA (Se é empresario individual indicar nome e apelidos)	

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x500330730

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2017

ENDEREZO:						
TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:	DOCUMENTO DE IDENTIDADE: <input type="checkbox"/> DNI <input type="checkbox"/> TARXETA <input type="checkbox"/> PASAPORTE <input type="checkbox"/> NIE				
<input type="checkbox"/> Autorízolle ao Concello de Lugo para que me informe mediante SMS ou correo electrónico do estado desta solicitude así como doutro tipo de avisos relacionados que me poidan resultar de interese. O enderezo para os efectos de notificación será o consignado na solicitude como actual.		<table border="1"> <tr> <th>NÚMERO</th> <th>LETRA</th> </tr> <tr> <td> </td> <td> </td> </tr> </table>	NÚMERO	LETRA		
NÚMERO	LETRA					

REPRESENTANTE LEGAL (só no caso de que a persoa interesada actúe por medio de representación legal):

NOME:	1º APELIDO:	2º APELIDO:
DOC. IDENTIDADE:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:
DOCUMENTO QUE ACREDITA A REPRESENTACIÓN:		

PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN AO CAL CONCORRE

EXPTE. REF.: 42-2017
DENOMINACIÓN: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PEZAS DE VESTIARIO DE UNIFORME PARA A POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE LUGO.

DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGA:

SOBRE A: documentación administrativa. SOBRE B: proposta técnica. SOBRE C: oferta económica.
--

Lugo, _____ de _____ de

A PERSOA INTERESADA OU REPRESENTANTE

En cumprimento do disposto pola Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o Concello de Lugo infórmaa/o de que os datos persoais obtidos deste documento serán incorporados a un ficheiro, do que é responsable o Concello de Lugo, coa única finalidade de levar a cabo as actuacións administrativas que, de ser o caso, se deriven da súa solicitude ou para realizar comunicacións do seu interese para os efectos informativos. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como solicitar, se é o caso, a rectificación,

28

oposición ou cancelación, nos termos establecidos na lei indicada, comunicándollo a este Concello.”.”

B) “<< PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PEZAS DE VESTIARIO DO UNIFORME PARA A POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE LUGO DO ANO 2017

1º OBXECTO DO CONTRATO

Este prego ten por obxecto definir as características das pezas do uniforme de diversos complementos para a Policía Local do Concello de Lugo do ano 2017 e 2018.

2º CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

As pezas para subministrar, nos seus compoñentes e aparencia externa, deberán ser iguais ou superiores en calidade ás mostras que se atopan a disposición dos interesados, estas poderán examinarse, na Unidade Administrativa da Policía Local, sita na rúa das Artes , 33-35 (Lugo).

Os requirimentos técnicos mínimos dos tecidos e elementos que conforman as pezas son os especificados nos ANEXOS I e II

As ofertas poderán incrementar a calidade dos materiais ou as técnicas das confeccións empregadas que supoñan melloras substanciais na ergonomía ou durabilidade das pezas, así como en maiores complementos delas.

3º PEZAS A SUBMINISTRAR E PRESUPOSTO DE LICITACIÓNS

O tipo de pezas para subministrar, as súas descrições técnicas desenvólvense noS ANEXOS I e II a este prego, así como a cantidade para cada un dos policías será a seguinte:

- PANTALÓNS DE FAENA: 240 para policías e 8 para axentes de mobilidade.
- POLOS MANGA LARGA: 240 para policías e 8 para axentes de mobilidade.
- POLOS MANGA CURTA. 240 para olicías e 8 para axentes de mobilidade.
- GORRAS BEISBOLERAS: 13 para policías e 2 para axentes de mobilidade.
- CINTOS: 13 para policías e 2 para axentes de mobilidade.

Os licitantes deberán ofertar o prezo da totalidade do material a subministrar (que corresponde cunha plantilla de 120 policías e 4 axentes de mobilidade) así como os prezos unitarios para cada tipo de peza.

O pedido definitivo, unha vez formalizado o contrato, concretarase o número real de policías e axentes de mobilidade, e o/a adxudicatario/a terá a obriga de facturar o realmente subministrado.

Para o caso que no momento da formalización do contrato o número de policías sexa inferior á plantilla actual- 120 policías- e axentes de mobilidade -4 ax. mobilidade-, reducirase o material que non é necesario polo que facturarse en función do número real de material subministrado conforme ós prezos unitarios ofertados.

Na subministración estarán incluídos todos os gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento das prestacións do contrato, como son os xerais,

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x500330730

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2017

transportes e desprazamentos, embalaxe, honorarios de persoal ó seu cargo, de comprobación e ensaio, taxas e toda clase de tributos en vigor e calqueira outros que puideran establecerse ou modificarse durante a vixencia do contrato.

4º LUGAR DA ENTREGA DA SUBMINISTRACIÓN

O lugar da entrega das pezas será na sede da Policía Local de Lugo, sita na Rúa das Artes, 33-35 –Lugo

5º REALIZACIÓN DOS PEDIDOS E ENTREGA DELES

O período máximo da entrega fíxase en 30 días naturais **dende a data na que se fai a petición correspondente, unha vez realizada a comprobación de talla.**

O/A adxudicatario/a realizará a entrega individualizada e personalizada do lote correspondente a cada un/unha dos/as policías e axentes de mobilidade(ou de cada unha das pezas, se non fose posible para a totalidade da entrega do pedido), e virá embalado em caixas ou bolsas individualizadas co nome do destinatario. De non facelo así, a mercadoría sería devolta.

A estes efectos o adxudicatario comunicará por correo electrónico ó responsable do contrato o día e hora exacta en que se procederá á entrega do material nas dependencias da Policía Local para a súa comprobación.

O retraso na entrega do material implicará unha penalización por cada día de demora que consistirá nun 1% do prezo das prendas deixadas de entregar excluído o IVE.

Non se recoñecerá ningunha subministración realizada polo/a adxudicatario/a fóra das condicións estipuladas no contrato, logo da autorización e da conformidade por escrito da Xefatura da Policía Local, aínda cando fose solicitado por calquera adscrito ó servizo, non facéndose cargo dos gastos que puidera ocasionar.

6º TOMA DOS TALLES

O licitador que resulte adxudicatario deberá tomar o talle de cada policía e axente de mobilidade, como máximo em 10 días, despois da formalización do contrato. Para iso, fixarase de forma conxunta entre o/a adxudicatario/a e as persoas responsables designadas pola Xefatura da Policía Local, un calendario, dentro das xornadas laborais nas diferentes quendas de traballo. Sempre que as circunstancias o permitan e nas instalacións municipais.

O/a adxudicatario/a comprométese a subministrar todos os talles necesarios, e se non existisen como talle normalizado, por exceso ou por defecto, inclúese a confección de forma personalizada polo xastre. Así mesmo, comprométese a adaptar en caso de ser necesario o vestiario ás características específicas do xénero feminino.

7º ARRANXOS E SUBSTITUCIÓNS

No caso de que no momento da entrega se detecte algún defecto ou erro o adxudicatario, no prazo máximo de 10 días naturais dende a devolución, estará

obrigado a modificar, arranxar ou substituír aquelas pezas, que non se axusten ós talles dos policías e axentes de mobilidade que debidamente o acrediten ou non se axusten ó prego de prescrición técnicas ou a sús oferta. Así mesmo, os cambios das pezas debido ós defectos de fabricación correrán a cargo do adxudicatario, que serán repostas nun prazo de 15 días naturais dende as devolucións delas. Ó igual que o estipulado no parágrafo 5, tamén se penalizará a demora económica por día nun 1%.

8º OUTRAS OBRIGAS DO/A ADXUDICATARIO/A

A Xefatura da Policía Local resérvase o dereito a realizar inicialmente ou periódicamente inspeccións no laboratorio que se designe para comprobar o cumprimento dos niveis esixidos de calidade e seguridade das pezas.

Os custos destes controis correrán a cargo da empresa adxudicataria.

Tamén deberán presentar certificacións do laboratorio onde se reflexen as características do tecido de cada prenda.

Antes de aceptar as diferentes entregas, poderase levar a cabo, conxuntamente por ambalás partes, un exame delas para a comprobación do seu estado, rexeitando aquelas que presenten danos apreciables a simple vista como tallas erróneas, manchas, roturas, roturas de peche e costuras, deficiencias nas impresións das lendas, etc.

O/A adxudicatario/a designará um representante único para manter unha interlocución permanente con esta Policía Local e con poderes suficientes para a resolución de cantos defectos, problemas e inconvenientes, surxan na prestación dos servizo obxecto deste contrato, sempre que non supoñan modificacións nel non autorizadas.

O/A adxudicatario/a comprométese a non utilizar o nome nin os símbolos identificativos desta Policía Local, nin calquera dato obtido, nas súas relacións con terceiras persoas, para os efectos de calquera tipo, e farase responsable das obrigas que contraia, así como á aceptación expresa sobre o tratamento informático dos seus datos, mediante a creación dun ficheiro, sendo estes tratados pra os efectos que a Administración determine.

As pezas de uniforme para os policías faranse de acordo o recollido no Decreto 60/201, do 8 de abril, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policías locais, en materia de uniformidade, acreditación e medios técnicos, e a Orde do 22 de xullo do 2010, pola que se establece a descripción e características das distintas pezas de uniformidade, dos referidos corpos de Policía Local de Galicia, así como a imaxe corporativa deles. Os emblemas das prendas serán en caucho, así como tamén as das ombreiras.

En canto as prendas de uniforme dos axentes de mobilidade serán iguais as que están utilizando en este momento.

As pezas de roupa de uniforme para esta Policía e Axentes de Mobilidade, ascende a un total de 41.175 €, máis o IVE correspondente

Os criterios de adxudicación que se propoñen son:

- Menor prezo pola totalidade da subministración: máximo 5 puntos.
- Mellora da calidade do material subministrado; máximo 3 puntos.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x500330730

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2017

- Menor prazo de entrega; máximo 1 punto.
- Melloras: 1 punto.

ANEXO 1

Prendas para policía que se necesitan comprar:

POLO MANGA LONGA .-

Confeccionado en tecido de poliéster 100% com perchado interior e unha gramaxe non inferior a 200 g/m² de cor azul mariño (pantone 296 C).

De cor azul mariño (pantone 296C), que leva na parte alta do peito e costas un canesú de cor azul claro (pantone 300C), de 100 mm de longo a ambos os lados da costura superior do ombreiro, cun vivo gris reflector de 4 mm de largo na parte alta do peito e costas, tipo cordón cosido entre ambas cores.

Ombreiras e pescozo camiseiro de cor azul mariño, (pantone 296C) no mesmo tecido que o corpo, pechado por tres botóns da mesma cor azul mariño. Placa na parte dereita do peito e logotipo na esquerda, de tamaño de 12 por 120 mm, con letras tipo Haendel Gothic BT en cor gris reflector.

Na manga dereita levará o escudo de Galicia definido para a uniformidade policial, e na esquerda o escudo do Concello. En ambas mangas terá que levar unha abertura para un peto portabolígrafos interior, situado a 50 mm da parte superior do escudo correspondente.

Nas costas debaixo do fondo azul (pantone 300C), o logotipo de tamaño 300 por 25 mm. O tipo de letra será Haendel Gothic BT gris reflector.

Terá que levar en ambas ombreiras dúas canles en tecido de cor azul claro (pantone 300C), situadas na parte central da costura da ombreira, de tipo presilla, de 40 de longo por 15 mm de alto destinados á colocación dos micros das emisoras.

POLO MANGA CURTA .-

Confeccionado en tecido de poliéster 100 % fresh dry. O seu deseño será o mesmo que se describiu no punto anterior, só que en versión de manga curta para o seu uso nas épocas de calor.

PANTALÓN DE FAENA -

Pantalón en tecido resistente a roturas e rachaduras com características de elasticidade tanto na súa trama como na urdimbre, e com dobre costura que dificulte a tracción. As costuras exteriores serán dobres e a cintura será máis alta na parte de atrás para unha mellor protección lumbrar.

De cor azul mariño (pantone 296C) con dous petos dianteiros con corte oblicuo e vertical na liña lonxitudinal exterior de ambas pernas. Cremalleira baixo solapa na súa parte dianteira central.

Levará dous petos laterais, de parches con tapetas e pechados por un sistema velcro ou de similares prestacións, á altura do terzo inferior de cada coxa, figurando no exterior da tapeta do peto dereito o logotipo nun tamaño de 12 por 120 mm, con letras tipo Haendel Gothic BT en cor gris reflectora.

As medidas destes petos serán de 170 mm de boca pr 250 mm de lonxitude, de maneira que en calquera deles se poida levar, debidamente dobrado, o peto reflector previsto na uniformidade. Na parte traseira levará dous petos con tapeta e pechados cun sistema velcro.

Presillas fixadas cosidas, dun tamaño máximo de 55 mm de alto por 25 mm de largo.

No interior ou exterior levará unha protección á altura do xeonllo, así como forro interior desmontable, que cubrirá toda a caixa e perneiras ata máis abaixo do xeonllo.

GORRA TIPO BÉISBOL .-

De cor azul mariña (pantone 296C), cuxo casquete estará formado por unha peza frontal e laterais rectangulares e rectas, No lateral dereito e na parte posterior irá o logotipo dun tamaño 10 por 100 mm, en letras tipo Haendel Gothic BT de cor gris reflectora.

A parte interna, que será forrada, leva unha banda suadoiro en tecido transpirable.

Viseira recta con lámina interior de plástico forrada en tea (pantone 296C) que levará a 7 mm do bordo exterior e sobre a cara superior grecas ou vivos labrados de 5 mm de longo, do xeito seguinte:

Unha greca ou vivo en cor prata (pantone 800YC) para escala básica.

Dúas grecas ou vivos separados entre si por 5 mm e na mesma cor prata para a escala executiva.

Unha greca ou vivo en cor ouro (pantone 8645C) para a escala técnica.

Dúas grecas ou vivos separados entre si por 5 mm, e na mesma cor dourada para a escala superior.

Para a Xefatura do corpo, nos laterais da viseira, pero na parte interior da greca ou vivo, levará a cada lado unha folla de palma, da cor antes mencionada según a escala.

Galleta centrada sobre a parte frontal, de forma ovalada e do mesmo tecido que a gorra, entreforrada cunha lámina de plástico, que servirá de soporte ó escudo do Concello que será de fieltro caucho, con perímetro en cor prata para as escalas básica e executiva e dourado para as escalas técnica e superior, de 55 e 45 mm de eixes.

CINTO .-

Trátase dun dobre cinto, interior e outro exterior, que se unirán mediante unha cinta de contacto con sistema de dobre adherencia removible. O cinto interior, que será o que faga as veces de cinto de axuste do pantalón, mediante unha anela central, será de 40 mm de ancho e irá cosido pola parte exterior a unha cinta de contacto para o seu agarre ó cinto exterior.

O cinto exterior, de 50 mm de ancho, cosido pola parte interior a unha cinta de contacto para o seu agarre ó cinto interior, com peche de seguridade e cunha fibela termoplástica, onde se inserirá en relevo o escudo oficial de Galicia, nun tamaño de 30 por 15 mm.

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x500330730

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2017

Ambos os dous serán de lona fina de cor negra e de poliéster 100%.

ANEXO 2

Prendas para axentes de mobilidade que se necesitan comprar:

POLO MANGA LONGA .-

Confeccionado en tecido de poliéster 100% com perchado interior e unha gramaxe non inferior a 200 g/m² de cor azul mariño (pantone 296 C).

No peito e espalda levará un canesú de cor azul claro (pantone 247 C), dende a costura do ombro ata a altura do peito, incorporando o final do mesmo un dameiro de cor gris reflector.

O pescozo de cor azul escuro no mesmo tecido que o corpo, pechado com tres botons do mesmo cor azul escuro.

Na espalda no canesú colocarase en gris reflector, o logotipo AXENTE DE MOVILIDADE.

No peito e de lado esquerdo irá este mesmo logotipo, e no lado dereito irá en caucho a placa axente mobilidade co número. Na manga dereita estará en caucho o escudo de Lugo en formato ovalado

Nas dúas mangas terá que levar unha abertura para un peto portabolígrafos interior.

En ambos ombros e situados hacia a parte dianteira levará dúas presillas de cor azul claro, que irán destinadas a colocación dos micros

POLO MANGA CURTA .-

Confeccionado en tecido de poliéster 100 % fresh dry. O seu deseño será o mesmo que se describiu no punto anterior, só que en versión de manga curta para o seu uso nas épocas de calor.

PANTALÓN DE FAENA -

Pantalón en tecido resistente a roturas e rachaduras com características de elasticidade tanto na súa trama como na urdimbre, e com dobre costura que dificulte a tracción. As costuras exteriores serán dobres e a cintura será máis alta na parte de atrás para unha mellor protección lumbrar.

De cor azul mariño (pantone 296C) con dous petos dianteiros con corte oblicuo e vertical na liña lonxitudinal exterior de ambas pernas. Cremalleira baixo solapa na súa parte dianteira central.

Levará dous petos laterais, de parches con tapetas e pechados por un sistema velcro ou de similares prestacións, á altura do terzo inferior de cada coxa, figurando no exterior da tapeta do peto dereito o logotipo nun tamaño de 12 por 120 mm, con letras tipo Haendel Gothic BT en cor gris reflectora.

As medidas destes petos serán de 170 mm de boca pr 250 mm de lonxitude, de maneira que en calquera deles se poida levar, debidamente dobrado, o peto reflector previsto na uniformidade. Na parte traseira levará dous petos con tapeta e pechados cun sistema velcro.



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refº: 17x500330730

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2017

Presillas fixadas cosidas, dun tamaño máximo de 55 mm de alto por 25 mm de largo.

No interior ou exterior levará unha protección á altura do xeonllo, así como forro interior desmontable, que cubrirá toda a caixa e perneiras ata máis abaixo do xeonllo.

CARACTERÍSTICAS DA TEA DAS PRENDAS, E OUTROS COMPONENTES, SEGÚN OS CERTIFICADOS DOS FABRICANTES QUE SE ADXUNTAN, A CONTINUACIÓN



MURALLA
patrimonio da humanidade



CSV: T5KgA8KRvHYJIVdSwkPLOQ==

SINATURAS

ANA PRIETO NIETO - TENENTA DE ALCALDE - ÁREA GOBERNO
DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 35 / 39

DATAS(UTC)

04/12/2017 14:11:20

04/12/2017 14:11:19

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x500330730

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2017

TEJIDO POLO MANGA CORTA

FICHA TECNICA / TECHNICAL DATA

Artículo / Article	PIQUÉ	GES DRY	902
Composición / Composition	100% Polyester		
Nº pasadas en trama	16 p/cm		
Nº pasadas en urdimbre	18 p/cm		
Peso / Weight (+/- 5%)	130 gr./m ²		
Peso / Weight (+/- 5%)	208 gr./ml		
Ancho / Width (+/- 2%)	160 cm		
Pieza / Piece	50 mts		
Colores Especiales / Special Colours	300 mts		
Estabilidad Dimensional – Lavado 40° C			
Dimensional Stability – Washing 40° C			
Ancho / Width	5 %		
Largo / Length	5 %		
Solidez al lavado / Washing fastness (ISO 105 – 606)	4/5		
Solidez al roze / Rubbing fastness (ISO 105 – X12)	4/5		

* Código Limpieza / Wash Code



- TEJIDO CON TRATAMIENTO ANTIBACTERIANO



CSV: T5KgA8KRvHYJIVdSwkPLOQ==

SINATURAS

ANA PRIETO NIETO - TENENTA DE ALCALDE - ÁREA GOBERNO
DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 36 / 39

DATAS(UTC)

04/12/2017 14:11:20

04/12/2017 14:11:19

TEJIDO POLO MANGA LARGA

FICHA TECNICA / TECHNICAL DATA

Artículo / Article	CH4.....82
Composición / Composition	100% Polyester
Nº pasadas en trama	19 p/cm
Nº pasadas en urdimbre	19 p/cm
Peso / Weight (+/- 5%)	200 gr./m ²
Peso / Weight (+/- 5%)	360 gr./ml
Ancho / Width (+/- 2%)	180 cm
Pieza / Piece	50 mts
Colores Especiales / Special Colours	500 mts
Estabilidad Dimensional – Lavado 40° C	
<i>Dimensional Stability – Washing 40° C</i>	
Ancho / Width	5 %
Largo / Length	5 %
Solidez al lavado / Washing fastness (ISO 105 – 606)	4/5
Solidez al roze / Rubbing fastness (ISO 105 – X12)	4/5

* Código Limpieza / Wash Code



CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS TEJIDO PANTALÓN

16115 - URBANA

REV: 08/04/2011

En peso Weight	330 gr/m ² ± 5%
Anchura Width	155 cm or 140 cm
Composición Composition	50% PA – 35% Viscose – 10% Cotton - 5% Lycra®
Solidez al lavado Wash fastness	MIN 4-5 UNE-EN-ISO 105-C05
Solidez del color al agua Colour fastness to water	MIN 4-5 UNE-EN-ISO 105-E01
Solidez al frote en seco - húmedo Fastness to rubbing dry / wet	MIN 4/5 – MIN 4/5 UNE-EN-ISO 105-X12
Solidez a la luz Lightfastness	MIN 5 ISO 105-B02
Solidez a la transpiración Colours fastness to perspiration	MIN 4-5 UNE-EN-ISO 105-E04
Estabilidad dimensional urdimbre / trama Dimensional stability warp / weft	MAX 3% / MAX 3% UNE - EN - ISO 5077
Resistencia a la rotura urdimbre / trama Breaking resistance warp / weft	1600 Nw ±15% / 800 Nw ± 15% UNE - EN - ISO 13934-1
Alargamiento a la rotura urdimbre / trama Elongation at breaking resistance warp / weft	120% ±20% - 60% ±20% UNE - EN - ISO 13934-1
Elasticidad-Recuperación urdimbre / trama Elasticity-Recovery warp / weft	35 % ±10% - Min 95% / 25% ±15% - Min 95% UNE - EN 14704
Pilling Pilling	MIN 4 UNE-EN ISO 12945-2
Resistencia a la abrasión Abrasion resistance	MIN +80000 rubs UNE-EN ISO 12947-2
Instrucciones de lavado Wash care instructions	

USO PRINCIPAL: UNIFORME DE POLICIA
MAIN USE: POLICE UNIFORMS
APLICACIÓN PRINCIPAL: CHAQUETAS Y PANTALONES
MAIN APPLICATION: JACKETS AND PANTS

>>.”

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 49.821,75 euros con cargo á aplicación 13200.22104 do vixente Orzamento xeral de 2017 (RC 91276/17).

CSV: T5KgA8KRvHYJIVdSwkPLOQ==



SINATURAS
ANA PRIETO NIETO - TENENTA DE ALCALDE - ÁREA GOBERNO
DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 38 / 39

DATAS(UTC)

04/12/2017 14:11:20

04/12/2017 14:11:19



Concello de Lugo

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: 17x500330730

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 22-11-2017

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 157 e seguintes do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde da Excm. Sra. Alcaldesa en funcións, dona Ana Prieto Nieto, coa súa sinatura e a do Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.



MURALLA
patrimonio da humanidade



CSV: T5KgA8KRvHYJIVdSwkPLOQ==

SINATURAS

ANA PRIETO NIETO - TENENTA DE ALCALDE - ÁREA GOBERNO
DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO
MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ - CONCELLEIRO
SECRETARIO - XUNTA DE GOBERNO LOCAL

PAXINA: 39 / 39

DATAS(UTC)

04/12/2017 14:11:20

04/12/2017 14:11:19